

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

ORDE do 22 de xullo de 2026 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2026/27 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No dito marco competencial apróbase a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que establece, no seu artigo 3, os obxectivos do sistema galego de servizos sociais, incluíndo entre estes o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas.

Así mesmo, no dito ámbito competencial a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recolle, entre os seus ámbitos de actuación, que a Xunta de Galicia promoverá actuacións conducentes a facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como a ampliación da rede de centros de atención á infancia.

Tendo en conta o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e de conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, atribúeselle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e á adolescencia, así como promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.

A atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia, articulada a través do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa integral cuxo obxectivo principal é aumentar o benestar das familias galegas mediante diferentes actuacións que se estruturan en tres eixes principais: axudas, servizos e recursos de conciliación.



Neste sentido, o obxectivo da área de conciliación do programa PAN (PAN-Concilia) é crear un ambiente social favorable en que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos, como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial, ao tempo que se traballa sobre a dimensión socioeconómica da cuestión demográfica e se deseñan as solucións precisas para favorecer que a poboación poida ter o número de fillos/as que desexe, paliando o custo que implica a crianza e o seu coidado.

Unha das liñas de acción do PAN-Concilia diríxese á universalización do primeiro ciclo de educación infantil, mellorando a accesibilidade deste recurso e constituíndo unha rede galega de centros de educación infantil 0-3 articulada e de calidade, como recurso educativo, dado que a educación e os coidados da primeira infancia constitúen o fundamento da educación e a formación das persoas e un pilar esencial para o éxito en materia de aprendizaxe permanente, desenvolvemento persoal e empregabilidade futura.

Na procura deste obxectivo enmárcase a modificación operada a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que engadiu no seu artigo 23.seis unha disposición adicional novena á Lei 13/2008, do 3 de decembro, na cal se recollen as actuacións previstas para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para segundos/as fillos/as e sucesivos, establecendo no seu número 5 que a consellería competente en materia de servizos sociais adoptará as medidas tendentes a promover e fomentar que as entidades privadas que sexan titulares de escolas infantís de 0-3 anos apliquen, para o segundo fillo ou filla da unidade familiar e sucesivos/as, unha bonificación do 100 % da contraprestación pecuniaria que teñan establecida pola atención educativa. Entre tales medidas poderá figurar o establecemento de subvencións e, nestes casos, será por conta das entidades a contía da bonificación no que exceda o importe da subvención outorgada pola Administración autonómica.

Con esta base, no ano 2020 púxose en marcha unha nova liña de fomento, atendendo a razóns de impulso demográfico e de conciliación, así como de apoio ás familias galegas, para favorecer o acceso á atención educativa 0-3 en condicións de equidade, promovendo que todas elas se beneficien e teñan oportunidades para mellorar ou manter a súa situación de benestar. Esta nova liña dirixiuse ás entidades privadas titulares de centros de educación infantil 0-3 para que bonificasen ao 100 % o custo da atención educativa e tamén o custo da matrícula do segundo fillo ou filla e sucesivos/as da unidade familiar, contribuíndo



a Administración cunha compensación a través dunha subvención para que a medida se puidese levar a cabo.

Continuando coa consecución dos ditos obxectivos, para o ano 2022 e a través do disposto no artigo 29.dous da Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas de Galicia, engadiuse un novo número 7 á disposición adicional novena da Lei 13/2008, do 3 de decembro, que establece que, co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022/23, se estenderá o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle.

En consonancia co anterior, esta orde de convocatoria diríxese ás entidades privadas para seguir dando estabilidade e continuidade ao programa de gratuidade da atención educativa no primeiro ciclo de educación infantil.

Esta orde, que se tramitará en réxime de concorrência non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e a prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, adáptase ao disposto na dita lei, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como ao Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ten en conta, en todo caso, os principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios ao fin para o que foron establecidos,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto convocar, en réxime de concorrência non competitiva, o procedemento de concesión de axudas económicas a entidades privadas para promover a



aplicación nas escolas infantís 0-3 anos da súa titularidade dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa prestada aos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia entre o 1 de setembro de 2026 e o 31 de xullo de 2027 (código de procedemento BS420C).

2. Así mesmo, serán destinatarias da concesión de axudas económicas as entidades privadas xestoras destes recursos que acrediten a aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa prestada desde o inicio do dito curso.

3. Para os efectos desta orde, entenderase por atención educativa o conxunto de atencións e coidados profesionais de carácter integral, prestados baixo unha perspectiva educativa, aos nenos e ás nenas durante a súa estancia nunha escola infantil, segundo a modalidade de xornada pola que opten. A opción elixida implica a asistencia regular e continuada á escola infantil durante un máximo de 8 e un mínimo de 3 horas diarias, respectivamente.

Exceptúase da actuación subvencionable o custo do servizo de comedor, cociña, as actividades extra á atención educativa, os materiais, e calquera outro tipo de servizos e conceptos que supoñan un custo adicional cuantificable para a escola infantil.

4. Para ter dereito ás axudas reguladas nesta orde os nenos e nenas deben ter a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Para os efectos desta orde, considérase que as nenas e os nenos con necesidades específicas de apoio educativo ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte segundo o establecido neste artigo multiplicarase por dous.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás axudas obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de 46.948.893 euros, coa seguinte desagregación:

Aplicación orzamentaria	Código proxecto	Ano 2026	Ano 2027	Total
08.02.312B.470.2	2020.00052	12.733.059 €	22.282.852 €	35.015.911 €
08.02.312B.481.3	2020.00052	4.339.266 €	7.593.716 €	11.932.982 €
Total		17.072.325 €	29.876.568 €	46.948.893 €

2. O artigo 7.un.s) da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, establece que terán excepcionalmente a con-



sideración de ampliables os créditos incluídos na aplicación 08.02.312B.470.2 que financien a gratuidade na educación infantil de 0 a 3 anos e os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.3 destinados a financiar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 a 3 anos.

3. O incremento dos créditos sinalados nos números anteriores queda condicionado á declaración da súa dispoñibilidade logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura dun prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán optar a estas axudas as entidades privadas que desenvolvan a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, non accedan á bonificación a través doutras liñas de axuda da Consellería de Política Social e Igualdade, apliquen a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís 0-3 da súa titularidade ou da súa xestión e cumpran os seguintes requisitos:

a) Que esté debidamente inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade, de acordo co disposto no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia.

b) Que a escola infantil 0-3 pola que solicita as axudas dispoña do permiso de inicio de actividades para a prestación do servizo de escola infantil outorgado pola Consellería de Política Social e Igualdade.

c) Que a escola infantil 0-3 pola que solicita as axudas dispoña da documentación que acredita que os nenos e nenas que asisten a ela seguen o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación e están empadroados nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Que a escola infantil 0-3 pola que solicita as axudas teña as súas tarifas desagregadas por tipo de gasto e actualizadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade.

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



2. Quedan excluídas do previsto no número anterior as entidades privadas que xestionan escolas infantís 0-3 de titularidade da Axencia Galega de Servizos Sociais, do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e de titularidade municipal.

Artigo 4. *Tipos de axuda e contía*

1. A convocatoria comprende unha liña de axudas destinada a compensar a aplicación da bonificación do 100 % do prezo da atención educativa na contía do prezo mensual que lle correspondera aboar á familia, segundo as tarifas establecidas polas horas de asistencia do neno ou nena, ata un máximo de 364 euros/mes por praza a xornada completa, excluído o mes de vacacións do neno ou nena.

2. As axudas calcularanse en función das tarifas da escola infantil no curso 2026/27, as cales poderán incrementarse, respecto das do curso anterior, ata un 4 % sen superar o tope de 364 euros por atención educativa, no cal está incluída a parte proporcional da matrícula. No caso de escolas infantís cuxo prezo por xornada completa unha vez realizado o incremento do 4 % indicado resulte inferior a 320 euros, poderán realizar un incremento de ata o dito prezo de 320 euros. O cálculo deste importe obterase multiplicando 11 mensualidades, como máximo, polo número de prazas ocupadas na escola infantil na data do 1 de febreiro de 2026 e polas tarifas correspondentes.

No caso de escolas infantís que obteñan o permiso de inicio de actividades transcorrido o prazo ordinario de presentación de solicitudes, o cálculo da axuda obterase multiplicando 11 mensualidades, como máximo, polo 80 % do número de prazas autorizadas no permiso de inicio de actividades ou polo número de nenos/as matriculados/as na escola infantil no momento de presentación da solicitude e polas tarifas correspondentes.

3. Para os efectos do previsto nos números anteriores, durante todo o período subvencionable a entidade entregará ás familias os xustificantes mensuais de pagamento en que consten o número de horas ao día de asistencia e o importe que lle correspondería aboar, coa lenda prezo bonificado 100 % pola Xunta de Galicia.

Nos supostos en que as axudas non acaden o 100 % do custo da atención educativa, será por conta das entidades beneficiarias a contía da bonificación no que exceda a contía da subvención outorgada pola Administración autonómica.

4. As entidades beneficiarias destas axudas poderán cobrar ás familias ata a contía establecida para unha mensualidade do prezo pola xornada solicitada en concepto de reserva



de praza. Unha vez realizada a inscrición e constatada a asistencia á escola infantil durante un mínimo dun mes, o pagamento efectuado será compensado pola entidade beneficiaria ao longo do curso escolar por partes proporcionais a partir do mes de outubro, segundo os meses que resten para finalizar o curso vixente, con outros servizos e conceptos distintos da atención educativa que preste o centro.

5. En ningún caso as entidades beneficiarias titulares ou xestoras de escolas infantís poderán cobrar ás familias por conceptos diferentes aos xa establecidos na tarifa de prezos dos cursos anteriores, agás que se ofrezan novos produtos ou servizos de contratación voluntaria. Tampouco poderán cobrar polo desenvolvemento do proxecto educativo nin pedagogías alternativas.

6. A falta de asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días consecutivos sen xustificar dará lugar á baixa do/da alumno/a no programa da gratuidade.

7. No caso de traslados de centro unha vez comezado o mes, a axuda correspondente ao dito mes aboarase de xeito proporcional a cada un dos centros en que se cause a baixa e se produza a alta.

8. As entidades beneficiarias titulares ou xestoras das escolas ofertarán o servizo de atención educativa durante un mínimo de 8 horas diarias.

9. As axudas polas altas, que non respondan a un traslado, que se produzan na escola infantil despois do día 1 do mes de ingreso no centro serán aboadas na parte proporcional que corresponda desde o día de alta.

10. As baixas que non respondan a un traslado de centro que se produzan na escola infantil despois do día 1 do mes correspondente serán aboadas na parte proporcional que corresponda ata o día da baixa.

11. A asistencia á escola infantil por un período igual ou inferior a un mes, agás que se trate dun traslado efectivo de centro, non se considera asistencia regular e continuada e non xera dereito ao pagamento da cota corresponde0nte nin a devolución da contía aboada en concepto de reserva de praza.

Artigo 5. *Concorrenia con outras axudas ou subvencións públicas*

1. A percepción das axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.



2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere os gastos da actividade subvencionada.

4. As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde, o cal terán que volver achegar actualizado no suposto de variaren as circunstancias inicialmente declaradas.

Artigo 6. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. No caso de escolas infantís que obteñan o permiso de inicio de actividades con posterioridade á publicación desta convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da data de notificación do dito permiso e finalizará, en todo caso, o 30 de outubro de 2026.



No caso de escolas infantís en que se producise un cambio de titularidade e a entidade cesante non solicitase esta subvención, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir da data de notificación do dito permiso e finalizará, en todo caso, o 30 de outubro de 2026.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación ou, de ser o caso, do día da notificación do permiso de inicio de actividades. De acordo co previsto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

Artigo 7. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documento público acreditativo do poder suficiente da persoa física que actúe en nome e representación da entidade solicitante.

As entidades beneficiarias da axuda ao abeiro da Orde do 2 de xullo de 2025 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2025/26 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C) só terán que presentar a documentación complementaria prevista neste número no suposto de se teren producido variacións respecto da presentada na dita convocatoria.

b) A relación nominal dos/das nenos/as matriculados/as na escola infantil 0-3 e os datos persoais e de contacto do/da titor/a legal. As entidades solicitantes da axuda deberán cubrir a dita relación na aplicación informática Escinf, no enderezo seguinte: <https://escinf.xunta.es/escinfextweb>, con data límite do prazo de finalización de presentación de solicitudes, e deberá constar actualizada en todo momento coas altas e baixas do alumnado que se produzan.

2. Ademais, na epígrafe correspondente do anexo I faranse constar as seguintes declaracións:

a) O conxunto de todas as axudas concedidas para a mesma finalidade da solicitada ao abeiro desta orde.



b) Que a escola infantil indicada dispón dun proxecto educativo e proposta pedagóxica de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e que se está á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Igualdade para calquera comprobación que sexa precisa.

c) Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación dos nenos e nenas que asisten á escola infantil e do requisito de residencia en Galicia respecto dos que acceden á bonificación.

d) Que a entidade solicitante titular ou xestora da escola infantil está aplicando as tarifas de prezos que constan no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

e) Que asume a contía da bonificación no que exceda o importe da subvención outorgada pola Administración autonómica nos supostos en que esta non acade o 100 % do custo da praza por atención educativa.

f) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan coa solicitude son certos.

g) Que non está incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Que non está incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

i) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

j) Que a entidade solicitante se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados con anterioridade pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, e as administracións públicas deberanos obter electronicamente a través das súas redes corporativas



ou dunha consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



Artigo 9. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Documento do número de identificación fiscal (NIF) da entidade solicitante.
- b) Documento nacional de identidade (DNI) ou do número de identidade de estranxeiro (NIE) da persoa solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante.
- d) Resolución de inhabilitación para obter subvencións ou axudas inscrita na Base de datos nacional de subvencións.
- e) Resolución de concesións de subvencións e axudas inscrita na Base de datos nacional de subvencións.
- f) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias emitida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- g) Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social.
- h) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio (anexo I) ou, de ser o caso, no anexo II, e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



Artigo 10. Instrución e procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión da axuda é o de concorrncia non competitiva, por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. En consecuencia, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes seguindo a orde de presentación das solicitudes, de acordo co disposto no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e concederá a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

2. A instrución do procedemento correspóndelle á subdirección con competencias en materia de Demografía e Conciliación, que realizará as correspondentes propostas de resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano instructor requirirá as entidades interesadas para que, nun prazo de 10 días hábiles desde o día seguinte ao da notificación do dito requirimento, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se considerará que desisten da súa petición, logo de resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, o órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución e poderá requirir á entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. As solicitudes que recollan os datos e a documentación necesaria tramitaranse por un procedemento abreviado, segundo o indicado no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, en que o órgano instructor lle formulará ao órgano concedente a proposta de resolución tras comprobar a concorrncia dos requisitos requiridos para a súa concesión.

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar a proposta de resolución, poñerase de manifesto ás entidades interesadas, tendo en conta as limitacións previstas, de ser o caso, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, para que no prazo de 10 días poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de



audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas entidades interesadas.

6. Respecto dos expedientes en que concorran causas de inadmisión, así como de declaración ou aceptación de desistencia, o órgano instructor formulará a correspondente proposta. En todo caso, non se admitirán a trámite e ditarase a resolución de inadmisión e arquivaranse as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

Artigo 11. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axuda, logo da fiscalización da proposta, en uso das facultades conferidas no artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.

Con anterioridade a ditarse a resolución de concesión deberá quedar acreditado que a entidade beneficiaria está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O prazo máximo para resolver e notificar é de 3 meses contados a partir do día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e polas entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se ditén ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da notificación se esta fose expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses contados desde a súa notificación, se esta fose expresa, ou 6 meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderá modificarse a resolución inicial cando existan variacións no número de prazas ocupadas durante o período de aplicación desta convocatoria. Para estes efectos, terase en conta:

a) Se a contía resultante é superior á concedida poderán ditarse resolucións complementarias pola contía que corresponda, nos termos previstos no artigo 4.

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



b) No caso de que a contía total pola ocupación anual resulte inferior á concedida, dítanse as resolucións revogatorias que procedan.

3. As modificacións da concesión inicial realizaranse tendo en conta que a axuda por bonificación da atención educativa se calcula mensualmente, excluído o mes de vacacións.

4. As resolucións complementarias están supeditadas á existencia de crédito axeitado e suficiente e á solicitude da entidade de modificación da resolución de concesión.

Artigo 15. *Xustificación das axudas*

1. Para a xustificación da axuda concedida, con base no establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e mais nos artigos 44 e 52 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tendo en conta o obxecto e a natureza destas axudas, as entidades beneficiarias deberán achegar, coa data límite do 31 de xullo de 2027, a seguinte documentación:

a) Solicitude de revisión e pagamento da concesión complementaria, (anexo II) nos supostos contemplados no artigo 14.2.a).

b) Relación nominal dos nenos e nenas que asistiron á escola infantil 0-3, con indicación das horas diarias e os meses de asistencia, durante o período subvencionado (curso 2026/27), que deberán cubrir na aplicación informática Escinf, no enderezo seguinte: <https://escinf.xunta.es/escinfextweb>

2. A Consellería de Política Social e Igualdade poderá comprobar os xustificantes que xulgue oportunos respecto do importe total da actividade subvencionada e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, e poderalle requirir á entidade beneficiaria a documentación acreditativa da entrega dos xustificantes mensuais de pagamento ás familias.

Artigo 16. *Pagamento*

1. As entidades beneficiarias das axudas percibirán un pagamento anticipado do 100 % da cantidade correspondente á anualidade 2026 da atención educativa, que se fará efectivo a partir da notificación da concesión. Este importe deberá xustificarse, en todo caso, con gastos realizados na mesma anualidade.



2. No ano 2027 librarase un primeiro pagamento anticipado de ata o 45 % da subvención que corresponda á dita anualidade pola atención educativa segundo a resolución de concesión, unha vez que se abra o exercicio económico.

No mes de abril do ano 2027 realizarase un segundo anticipo do 45 % da subvención que corresponda á dita anualidade pola atención educativa segundo a resolución de concesión.

O importe restante correspondente á anualidade 2027 librarase unha vez xustificado o número de prazas ocupadas para as que se concedeu a axuda nos termos establecidos nesta orde, tendo en conta as modificacións que procedan, de acordo co previsto no artigo anterior.

3. A percepción destes pagamentos en concepto de anticipo queda exonerada da constitución de garantías.

Artigo 17. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias destas axudas obríganse a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ademais especificamente a:

a) Manter actualizados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais todos os datos esixidos pola normativa de aplicación e, nomeadamente, os seguintes: tarifas de prezos, relación nominal das persoas traballadoras, rexistro de persoas usuarias e prazas vacantes.

b) Manter actualizada a aplicación informática Escinf.

c) Remitir os informes e a demais documentación que, no marco da actividade subvencionada, reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade.

d) Facilitar a inspección e control dos órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade respecto das escolas infantís subvencionadas. Estes órganos comprobarán especialmente o cumprimento da asistencia dentro do horario reflectido na relación nominal de nenos e nenas indicada no número 1.b) do artigo 7, así como a correcta aplicación do baremo de admisión.

e) Ter á disposición da Consellería de Política Social e Igualdade a documentación acreditativa de que todos os nenos e nenas matriculados na escola infantil 0-3 cumpren co



calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación e están empadroados nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Conservar á disposición da Consellería de Política Social e Igualdade a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ter acceso á compensación pola bonificación do 100 % da atención educativa do curso 2026/27 e mais da entrega ás familias dos xustificantes mensuais de pagamento, emitidos nos termos establecidos nesta orde.

g) Aplicar a bonificación do 100 % do custo por atención educativa a todos os fillos e fillas da unidade familiar residentes en Galicia matriculados na escola infantil 0-3 e asumir a contía da bonificación no que exceda o importe da subvención outorgada pola Administración autonómica nos supostos en que as axudas non acaden o 100 % deste custo. Nos supostos en que se vexa afectada a actividade presencial por indicación da autoridade sanitaria, aplicárase o disposto no artigo 18.

h) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

i) Dar a adecuada publicidade das axudas percibidas a través do taboleiro de anuncios do centro e da páxina web, no caso de que dispoñan dela. Ademais, as entidades beneficiarias deberán obter os datos de contacto necesarios das familias e cedelos á Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de que esta poida enviar directamente comunicacións relativas a este procedemento.

Artigo 18. *Incumprimento, revogación e reintegro de axudas*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera das seguintes situacións:

a) Cando se obtivese a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisén.

b) Cando se incumpran totalmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou non se adopte o comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

c) Cando se incumpra totalmente a obriga da xustificación da subvención ou non se achegue a documentación prevista no artigo 15.



d) Cando se incumpra a obriga de cofinanciamento nos supostos en que as axudas non acaden o 100 % do custo por atención educativa.

e) Cando se incumpra a obriga de conservación da documentación acreditativa da entrega ás familias dos xustificantes mensuais de pagamento onde conste a bonificación do 100 % do prezo da atención educativa.

f) Cando se incumpra a obriga de conservación da documentación acreditativa de que os nenos e nenas que asisten á escola seguen o calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación e están empadroados nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia.

g) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Procederá o reintegro parcial proporcional ao grao de incumprimento nos seguintes supostos:

a) Cando se incumbran parcialmente o obxectivo, a actividade, o proxecto ou se adopte de xeito parcial o comportamento que fundamentou a concesión da subvención, entre o 2 % e o 50 % da axuda percibida, en proporción ao período do ano en que se producise o incumprimento.

Nos supostos en que a actividade presencial se vexa afectada por indicación da autoridade sanitaria por tempo superior a un mes, procederá o reintegro do 10 % da contía da axuda percibida en proporción ao período de tempo que corresponda.

b) No caso de xustificación insuficiente segundo os termos do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro das cantidades non xustificadas ou xustificadas insuficientemente.

c) Cando se incumpra a obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no artigo 17, procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida.



d) Cando se incumpra a obriga de aplicar debidamente o baremo de admisión, procederá o reintegro do 10 % da axuda percibida.

e) Cando se dea algún incumprimento do resto das obrigas recollidas no artigo 17, procederá o reintegro de entre o 2 % e o 80 % da axuda percibida, de xeito proporcional ao grao de incumprimento, tendo en conta a súa duración e o alumnado afectado.

3. No suposto previsto no número 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a existencia do xuro de demora correspondente.

4. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os números anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as entidades beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante o ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 19. *Infraccións e sancións*

As entidades beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 20. *Control e verificación*

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento, e ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.



Artigo 21. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as persoas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira. *Criterios de admisión preferente*

As entidades privadas titulares ou xestoras de escolas infantís 0-3 que soliciten axudas ao abeiro desta orde abrirán o período de solicitude de praza, para os nenos e nenas xa nados no momento da presentación da solicitude, do 1 ao 18 de marzo de 2027.

A solicitude de praza deberá realizarse no modelo que se recolle como anexo III.

A adxudicación das prazas realizarase seguindo os seguintes criterios preferentes:

- 1º. Solicitudes para nenos e nenas xa escolarizados no centro no curso anterior.
- 2º. Solicitudes de fillos ou fillas do persoal que preste servizo na escola infantil.
- 3º. Solicitudes para nenos ou nenas con irmás ou irmáns con praza renovada no mesmo centro ou nun centro asociado.
- 4º. Solicitudes para nenos ou nenas en que as dúas persoas proxenitoras ou unha delas no caso de familias monoparentais xustifiquen unha situación laboral de ocupación.
- 5º. Solicitudes para nenos e nenas nados de parto múltiple.
- 6º. Solicitudes para nenos e nenas de familias numerosas/monoparentais.
- 7º. Solicitudes para nenos e nenas de irmás ou irmáns de ex alumnado do mesmo centro ou centro asociado.



8º. Solicitudes para nenos e nenas de familias cuxo domicilio ou centro de traballo estea máis próximo á escola infantil.

9º. Solicitudes para nenos e nenas con asistencia de xornada completa sobre media xornada.

No caso de existir empate, resolverase pola orde alfabética do apelido que resulte do sorteo que se realice nas dependencias da escola infantil.

As listas provisionais de persoas admitidas publicaranse no taboleiro de anuncios da escola o día 31 de marzo de 2027.

As listas definitivas de persoas admitidas publicaranse nos lugares indicados no parágrafo anterior o día 7 de abril de 2027.

O prazo para formalizar a matrícula finalizará o 14 de abril de 2027.

Disposición adicional segunda. *Límite das axudas*

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para estes fins e respectando, en todo caso, a realización das actuacións subvencionables dentro do exercicio económico correspondente, de conformidade co establecido no artigo 1.

Disposición adicional terceira. *Cambio de titularidade*

Se unha escola infantil 0-3 cambia de titularidade ao longo do curso escolar, a nova entidade titular poderá subrogarse na condición de beneficiaria desta axuda sempre que reúna os requisitos establecidos na convocatoria e nas mesmas condicións e contías da axuda concedida á entidade subrogada.

Disposición adicional cuarta. *Base de datos nacional de subvencións*

A consellería transmitirá á Base de datos nacional de subvencións a información necesaria, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional quinta. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación das facultades para a concesión destas subvencións a favor da persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ao abeiro do establecido no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar os actos e instrucións necesarios para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2026

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES PRIVADAS PARA O FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO BS420C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA OU ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

PARROQUIA

LUGAR

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

PREFIXO

OUTRO TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIJO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS
☒ **Formato IBAN**
☐ **Formato BIC**

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

DATOS DA ESCOLA INFANTIL 0-3

NOME		NÚM. REXISTRO			
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO			

AXUDA QUE SOLICITA

BONIFICACIÓN DO 100 % DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS PRAZAS OCUPADAS NA DATA 1 DE FEBREIRO DE 2026



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que a escola infantil indicada dispón de proxecto educativo e proposta pedagóxica, de acordo co currículo de educación infantil de Galicia, e que se encontra á disposición da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para calquera comprobación que sexa precisa.
3. Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa galego de vacinación dos nenos e nenas que asisten á escola infantil e do requisito de residencia en Galicia respecto dos que acceden á bonificación.
4. Que a escola infantil está aplicando as tarifas de prezos que constan no RUEPSS e que aplica os mesmos prezos á totalidade dos nenos e nenas, con independencia do número de orde que ocupen na unidade familiar.
5. Que asume a contía da bonificación no que exceda a contía da subvención outorgada pola Administración autonómica nos supostos nos que esta non acade o 100 % do custo por atención educativa.
6. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
7. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
8. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, comprométome a manter o cumprimento destes requisitos durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente calquera cambio ou modificación e cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Inhabilitación para obter subvencións ou axudas	☐
Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas	☐
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Orde do 22 de xullo de 2026 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas a entidades privadas para o fomento da gratuidade da atención educativa dos nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia en escolas infantís 0-3 para o curso 2026/27 e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420C).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xacobeo  2027

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO II

SOLICITUDE DE REVISIÓN E PAGAMENTO DA CONCESIÓN COMPLEMENTARIA

BS420C - AXUDAS A ENTIDADES PRIVADAS PARA O FOMENTO DA GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME DA ESCOLA INFANTIL:

SOLICITA

☐ A REVISIÓN E A CONCESIÓN COMPLEMENTARIA, SE PROCEDE, E O ABOAMENTO CORRESPONDENTE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 POLO IMPORTE EQUIVALENTE AO INCREMENTO QUE CONSTA NA APLICACION SCINF

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificación de estar ao día nas obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	☐ Si ☐ Non

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de

Xacobeo  2027

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7



SOLICITUDE DE NOVO INGRESO/RENOVACIÓN EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3 DE TITULARIDADE PRIVADA
GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DOS NENOS E NENAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA EN ESCOLAS INFANTÍS 0-3

TIPO DE SOLICITUDE:	☐ NOVO INGRESO	☐ RENOVACIÓN DE PRAZA
---------------------	---------------------------------------	--

ESCOLA INFANTIL 0-3 QUE SE SOLICITA:

DATOS DA/DO NENA/O			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DATA DE NACEMENTO

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR/A LEGAL)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
ENDEREZO DOMICILIO:			
TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	

Cubrir só no caso de que no apartado de circunstancias que sexan de aplicación sinala proximidade lugar de traballo. Neste caso quedará excluída a proximidade ao domicilio como criterio de adjudicación.

ENDEREZO LUGAR DE TRABALLO:	
-----------------------------	--

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR			
APELIDOS E NOME	NIF	PARENTESCO	SITUACIÓN LABORAL DE OCUPACIÓN
			☐ SI ☐ NON
			☐ SI ☐ NON

Cubrir só no caso de presentar solicitude nunha escola infantil 0-3 de iniciativa social con servizo de comedor subvencionado segundo a renda da unidade familiar

INGRESOS DA UNIDADE FAMILIAR (*)	INDIQUE CONTÍA ANUAL (suma da base imponible xeral máis base imponible do aforro):	
----------------------------------	--	--

(*) Como xustificante de ingresos da unidade familiar achegarse a copia da declaración do IRPF da última anualidade co prazo de presentación vencido ou un certificado emitido pola AEAT dos datos existentes na Administración.

CIRCUNSTANCIAS QUE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ FILLO/A DE PERSOAL DO CENTRO	☐ FAMILIA MONOPARENTAL
☐ NENO/A CON IRMÁN OU IRMÁ CON PRAZA RENOVADA NO MESMO CENTRO, NUN CENTRO ASOCIADO OU MATRICULADO NO MOMENTO DA SOLICITUDE	☐ IRMÁN/AN DE EXALUMNA/O DO CENTRO OU CENTRO ASOCIADO
☐ SITUACIÓN LABORAL DE OCUPACIÓN DE AMBOS OS PROXENITORES OU DUN DELES SE SE TRATA DE FAMILIA MONOPARENTAL	☐ PROXIMIDADE DOMICILIO
☐ NENO/A NADO/A DE PARTO MÚLTIPLE	☐ PROXIMIDADE LUGAR DE TRABALLO
☐ FAMILIA NUMEROSA	☐ ASISTENCIA XORNADA COMPLETA

SERVIZOS SOLICITADOS:	
☐ ATENCIÓN EDUCATIVA CON COMEDOR	☐ ATENCIÓN EDUCATIVA
HORARIO:	XORNADA:
	☐ COMPLETA ☐ MEDIA



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE**ANEXO III**
(Continuación)

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE					
Lugar e data					
	,		de		de

Esta solicitude debe ir acompañada do correspondente documento de información básica sobre protección de datos persoais da escola infantil.

Este formulario só se pode presentar nun máximo de tres escolas infantís 0-3 de titularidade privada. No caso de presentar máis solicitudes, quedará excluído do proceso de admisión de todas as escolas de titularidade privada.

Xacobeo  **2027**

CVE-DOG: 1ew4dar1-uat9-fom4-ayb8-ze7ltvgvqaw7

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>